

Bo día!

Como vos dixen recordade facer ese pequeno diario de forma habitual para escribir un pouquiño todos os días en galego. Non esquezades que non fai falla que contedes o que fixestes ese día, senón que podedes escribir sobre o que máis vos apeteza.

Aí van uns enlaces para repasar conceptos que estamos traballando na aula.

Substantivos singular/plural:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfologia/subs_adx.htm#5

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfologia/subs_adx.htm#6

<http://www.linguagalega.org/lingua/clasesdepalabras/nomes/web/escoller-plural.htm>

Indicar o feminino:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfologia/subs_adx.htm#3

Xogos: <https://www.edu.xunta.es/xogos/>

Encrucillados: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/recursos/_/contido_0036/xogacos-axoueres-encrucillado

Cantigas: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/recursos/_/contido_0302/caderno-avo

Tamén vos deixo unhas fichas de repaso que despois de facer podedes pegar na libreta, ou se non queredes imprimilas, podedes responder ás preguntas na libreta. Non esquezades a importancia da limpeza e a orde no traballo, boa letra e con calma!

Non as fagades todas o mesmo día, pouquiño a pouco!

1 Escribe unha oración con dous significados de cada palabra:

espiña

.....

banco

2 Clasifica os seguintes nomes no cadro:

- | | | | |
|-----------|---------|-----------|----------|
| árbore | turrón | polvoróns | cheminea |
| agasallos | candeas | mazapán | camelos |
| postais | belén | festas | grilanda |

MASCULINO SINGULAR	FEMININO SINGULAR	MASCULINO PLURAL	FEMININO PLURAL
.....
.....
.....

3 Completa as seguintes palabras con **c/C** ou **z/Z**:

- | | | | |
|-----------|------------|-----------|-------------|
| pesco...o | a...io | ma...apán | velo...es |
| ...acaría | pa...o | ...elia | A...u...ena |
| a...ucre | ...ereixas | feli... | bei...os |

4 Pon signo de admiración nas oracións que o necesiten e xustifica a túa resposta:

- Que alegría verte
- Non teño ganas de ir ao colexio
- Gañamos o partido

.....

5 Describe brevemente unha árbore de Nadal e debúxaa:

.....


.....

.....

.....

.....

.....



Le o texto con moita atención.


Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

As illas Galápagos están no océano Pacífico, preto da costa de Ecuador (América do Sur). O arquipélago está formado por 15 illas e numerosos illotes.

As illas deben o seu nome ás asombrosas tartarugas xigantes que nelas habitan. Alí pódense distinguir ata once especies diferentes de galápagos, e os machos poden chegar a alcanzar 1,8 m de lonxitude e 230 kg de peso. O seu inmenso tamaño débese, probablemente, a que non teñen depredadores.

Ao estaren en pleno ecuador, estas illas deberían ter un clima cálido e húmido, pero as correntes mariñas que chegan ata elas fan deste arquipélago un lugar único na Terra. Ademais dos galápagos, hai iguanas que só existen alí e outras especies de animais e plantas estraños.

As Galápagos foron utilizadas como goridas de moitos piratas ingleses.



1 De que trata o texto? Elixo e marca cun X:

- Das illas Galápagos. Dos piratas ingleses.
 Dos galápagos. Da fauna mariña.

2 Onde están estas illas? Rodea a resposta correcta:

- a) No océano Índico. c) No arquipélago canario.
b) En América do Norte. d) No océano Pacífico.

3 Escribe estes nomes **de maior a menor** extensión:

illote – arquipélago – illa

.....

4 Por que se chaman así estas illas?

.....

5 Por que os galápagos destas illas alcanzan un tamaño tan grande?

.....

6 Que outras especies de animais, únicas no mundo, podemos atopar nas illas?

.....

7 Completa:

Pola súa situación, preto do, as illas Galápagos deberían ter un clima e

Pero as que chegan ata elas fan que teñan un clima

.....

8 Por que cres que os piratas elixirían esas illas para esconderse e para agochar os seus tesouros?

.....

.....